

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 19-09-2019, ditou a resolución con número 2510/2019 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

NOMEAMENTO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DA ESCOLA DE HOSTALARÍA 2019-2020

ANTECEDENTES

Primeiro.- Apróbase por decreto da Alcaldía en data 05/07/2019 con núm. 1837/2019 as bases para a selección do alumnado da Escola de Hostalaría 2019-2020. Foron publicadas no taboleiro de anuncios do Forum Carballo (sito 2º andar) e na páxina web municipal.

Segundo.- Finalizado o prazo de recollida de solicitudes (primeira convocatoria do 08/07/2019 até o 02/08/2019, en segunda convocatoria de 02/09/2019 até o 13/09/2019), o Concello de Carballo fai pública, o 18/09/2019, a listaxe dos/as aspirantes admitidos/as para participar no proceso de selección e a data para realizar a primeira proba escrita. A devandita listaxe publicouse no taboleiro de anuncios do Forum Carballo e na páxina web municipal, concedendo un prazo de 2 días hábiles para presentar reclamacións.

Por todo o anterior, **RESOLVO:**

Primeiro.- Designar o órgano de selección composto por:

Presidente:

- Fernando Agrasar del Río, Representante da empresa Garfio de Barizo, SL como adjudicataria do contrato administrativo de servizos de Formación en cociña do Concello de Carballo (SAT 48/2017)

Secretaria:

- Milagros Antelo Cameán, Técnica en orientación laboral do Concello de Carballo.

Vocais:

- Ana Isabel Godoy Goldar, Experta docente da familia profesional de Hostalaría e Turismo.
- José Manuel Martínez Dieguez, Xefe de cociña da empresa Garfio de Barizo, SL.

Se por calquera causa, no momento no que teñan lugar as probas de selección, algún/ha membro do tribunal non puidera acudir, poderá ser substituído/a. Nembargantes, o tribunal de selección considerarase válidamente constituído coa participación de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

Os membros do tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo.- Expoñer a resolución no Taboleiro de anuncios do Forum Carballo (sito no 2º andar) e na páxina web do Concello de Carballo.

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria acctal
Susana Mariño Lorenzo